

Revive VIEIROS

A photograph showing a village nestled in a valley, seen from a high vantage point. In the foreground, a branch of heather with numerous small, bell-shaped pink flowers is in sharp focus. The background shows a cluster of houses with dark roofs, surrounded by green fields and trees. The overall scene is peaceful and scenic.

**Programa de actividades
interpretativas e
demostrativas, para coñecer, dun
xeito diferente, o entorno e a vida
dunha aldea do Courel**



*A **Cooperativa Miudiño** nace do mundo da ilusión e dos sonhos, alimentada de tres grandes paixóns: a infancia, a natureza e o patrimonio cultural, que combinados entre sí van dando vida a todo o que facemos.*



QUE OFRECEMOS?

- A oportunidade de participar en exclusiva, na recreación de diferentes procesos e actividades, desenvoltas nos numerosos elementos patrimoniais cos que conta a aldea de Vieiros.
- Un achegamento tranquilo e respectuoso co entorno, que permita sentir como a forza da natureza e o saber facer das persoas, encheron de vida unha aldea.
- Actividades orixinais, realizadas integramente por profesionais da interpretación do patrimonio con ampla experiencia, e especialmente adaptadas as necesidades das persoas participantes.



A QUEN?

- **REVIVE Vieiros** vai especialmente destinado a aquelas empresas de servizos de ecoturismo, que realizan ou queiran realizar actividades no Courel, e que desexan ofrecer aos seus clientes unhas novas experiencias nos seus percorridos pola serra.
- Tamén vai destinado a visitantes individuais ou en grupos, centros educativos e outras entidades, que desexen coñecer de xeito ameno e participativo un anaco do Courel.
- O coidado deseño das actividades propostas, e a súa capacidade de adaptación, posibilitan que sexan axeitadas para público familiar, público infantil e persoas adultas.



COMO?

- Creemos no pracer de escoitar e de sentir, polo que procuramos establecer grupos non moi numerosos, para poder proporcionar unha experiencia centrada na atención mutua.
- A atención a diversidade é un principio fundamental de Miudiño S. Coop. Galega, polo que tentamos ofrecer unhas actividades que posibiliten o goce de todas as persoas participantes, grazas a incorporación de dinámicas inclusivas, percorridos adaptados na medida das posibilidades e moito esforzo e imaxinación.





ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS

O aire sabe a pan

Coñeceremos todos os segredos do pan de Vieiros, participaremos da posta en funcionamento dalgún dos fornos tradicionais da aldea, visitaremos o muín e realizaremos os procesos necesarios para chegar a sentir ...que o aire sabe a pan.

180 min

A intelixencia do muín

Muíños hai moitos...pero non todos tan listos coma este, realizaremos unha recreación do proceso de moído tradicional, coñeceremos o rexurdir do vello muín comunal e descubriremos as sorpresas ocultas que agocha o lugar no que se atopa.

120 min

A colada

Elaboraremos xabón empregando sinxelos ingredientes, comprobaremos que para lavar hai que ser valentes e fortes, finalmente descubriremos que as mulleres da aldea, con lousa e madeira conseguían trocar o negro en branco.

120 min





PERCORRIDOS INTERPRETATIVOS

Unha aldea de xeo que os lumes mantiñan viva



Temática principal *etnográfica e xeolóxica*



Duración *70 min. aprox*



Lonxitude *2.5 Qm*



Dificultade *Media*

Na procura das lousas que falan



Temática principal *etnográfica*



Duración *50 min. aprox*



Lonxitude *900 m*



Dificultade *Baixa*

Non mintas... que sei como te chamas



Temática principal *etnográfica, botánica e xeolóxica*



Duración *80 min. aprox*



Lonxitude *2.7 Qm*



Dificultade *Media*



XORNADA VIEIROS

- Combinación de actividades demostrativas e percorridos interpretativos a elixir entre os dispoñibles, para mergullarse plenamente no “espírito Vieiros”.
- Posibilidade de ampliación de actividades e servizos (ruta 4x4, ruta nocturna, degustacións,...)





CONDICIÓN

- Todas as actividades requiren reserva previa e confirmación de dispoñibilidade.
- As actividades demostrativas e a xornada Vieiros precisan dun mínimo de 4 participantes e o máximo de participantes simultáneos será de 12 persoas.
- Os percorridos interpretativos realizaranse cunha ratio máxima de 15 persoas/guía.
- Algunhas das actividades ofertadas poden non estar dispoñibles todo o ano, consultar previamente.
- As actividades contan co seguro de accidentes e R.C de Miudiño S. Coop. Galega.
- A duración e características da visita poden adaptarse en función das necesidades da persoas participantes.
- Miudiño S. Coop. Galega e as persoas participantes, velarán polo cumprimento da normativa COVID-19 vixente no intre de realización da actividade.

PREZOS

ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS	O aire sabe a pan	A intelixencia do muín	A colada
	15 €/ participante	12 €/ participante	12 €/ participante

PERCORRIDOS INTERPRETATIVOS		A aldea de xeo	As lousas que falan	Non mintas
	Menos de 5 participantes	35 €	35 €	35 €
	De 5 a 15 participantes	7 €/ participante	7 €/ participante	7 €/ participante

XORNADA VIEIROS	Dende 18 €/ participante
-----------------	--------------------------

**Prezos sen IVE e cos números de participantes indicados nas condicións de servizo.
(consulten outras condicións)*

**Prezos válidos nos períodos con guía residente (consulten outras datas)*

**Consultar descontos para unidades familiares e grupos.*

CONTACTO E RESERVAS

eduambiental@miudinho.gal

652 052 530 *Diego*

miudinho.gal